

LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2020.

- *Informe de Intervención.*
- *Resolución da Presidencia.*
- *Ditame da Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas,
Persoal e Réxime Interior.*
- *Certificado do acordo plenario.*

INFORME

Asunto: Liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020

Legislación aplicable:

- Artigo 135 da Constitución española
- Tratado da Estabilidade, Coordinación e Gobernanza na Unión económica e Monetaria do 2 de marzo de 2012 e demais normativa europea sobre a estabilidade presupostaria
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, da Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira (LOEP), modificada polas Leis orgánicas 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público e 6/2015, do 12 de xuño
- Texto refundido da Lei das facendas locais (Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo) (TRLHL)
- Real decreto 1463/2007, de 2 de novembro, Regulamento da estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais (REPEL)
- Orde HAP/2802/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro da información previstas na Lei orgánica da Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (BOE nº 240, do 5 de outubro)
- Orde ECC/2741/2012, do 20 de decembro, do desenvolvemento metodolóxico da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, da Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira sobre o cálculo das previsións tendenciais dos ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española, modificada pola Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro
- Acordo do Consello de Ministros do 7 de xullo de 2017 no que se establecen os obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública correspondentes aos exercicios 2019-2020

Tamén tivéronse en conta os seguintes documentos:

- Actualización do programa da estabilidade do Reino de España 2019-2022, elaborado polo Ministerio de Economía
- Informe 32/19 do 9 de maio de 2019, sobre a Actualización do programa de estabilidade do Reino de España 2019-2022, da Autoridade independente de

responsabilidade fiscal (AIReF)

- Manual do cálculo do déficit en contabilidade nacional axeitado as Corporacións locais, 1ª edición, publicado pola Intervención xeral da Administración do Estado
- Guía para a determinación da regra de gasto do artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, da Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira para as Corporacións locais, 3ª edición, publicada pola Intervención xeral da Administración do Estado en novembro do 2014
- Nota sobre as liñas fundamentais dos presupostos das entidades locais 2020 da Secretaría de Estado das Administracións públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

CONSIDERACIONS LEGAIS E METODOLOXICAS

As Corporacións locais están suxetas ao establecido na LOEP segundo indica o seu artigo 2.1. Engadindo no artigo 4.2 que se entenderá por sostenibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites do déficit e débeda pública. Na súa redacción actual, o artigo 13 da Orde HAP/2082/2014 regulamenta o contido das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio do seguinte deste xeito:

“Con carácter anual remitirase a seguinte información:

(...)

3. Antes do 15 de setembro as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.

b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme a normas do sistema europeo de contas.

c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.

d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.

e) Modificacións significativas nos criterios orzamentarios que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.

f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6. No caso de producirse tales diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito marco orzamentario.”

Para dar cumprimento a estas obrigas legais fixéronse as liñas fundamentais dos orzamentos desta Deputación, do Consorcio provincial da loita contra o lume e o consolidado de ámbolos dous para o exercicio 2020 que se achega a este informe. A metodoloxía aplicada foi a que sigue.

Primeiro se tiveron en conta os plans orzamentarios a medio prazo 2020-2022, que foron aprobados pola Resolución da Presidencia número 9663/2019 do pasado 14 de marzo que foron coñecidos por la Comisión informativa de economía e facenda e polo Pleno provincial.

Acorde coa nota 1 da páxina 2 do documento do Ministerio, os datos relativos ao exercicio 2019 son os dereitos ou obrigas recoñecidas netas previstas ao fin dese exercicio, segundo a información presentada no oficina virtual dese Ministerio cos datos dispoñibles ao remate do segundo trimestre do 2019.

As previsións de ingresos pola cesión dos rendementos recadatorios dos impostos estatais e polo Fondo complementario de financiamento para o exercicio 2020 son os previstos na anualidade 2020 do devandito plan a medio prazo e logo dun axuste segundo os importes que se están a recibir mensualmente, xa que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas non comunicou aínda as previsións deses conceptos de ingresos para ese exercicio nin tampouco fixo público o proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2020. Para que se entenda a relevancia desa información hai que ter presente que eses ingresos procedentes do Estado representan máis do 90 por 100 dos ingresos non financeiros estimados liquidar neste exercicio.

Non hai ingresos previstos polos conceptos de, transferencias de capital nin de pasivos financeiros. E dicir, que non se contemplan novas operacións de endebedamento a longo prazo dentro do exercicio.

Os gastos do persoal parten do gasto previsto no exercicio 2019, mais o incremento do 3,85 por 100 das retribucións, resultado do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e das condicións de traballo (publicado no BOE nº 74, do 26 de marzo de 2018, pola Resolución de 22 de marzo da Secretaría do Estado de función pública) , xa que como comentamos, non temos a referencia do posible límite legal ao crecemento da masa salarial dese persoal que ven recollendo todos os anos o proxecto de orzamentos xerais.

Os gastos polas operacións financeiras de intereses e amortización do principal da débeda a longo prazo son nulos, xa que están canceladas todas as operacións de endebedamento e non están previstas novas operacións.

Os gastos de funcionamento e as transferencias correntes son os previstos para 2020 no plan a medio prazo, logo de axustar o seu importe para asegurar o cumprimento da regra do gasto.

O gasto de capital (investimentos e transferencias de capital) ten en conta o aforro neto do exercicio (artigo 53 do TRLHL), xa que non están previstos ingresos polas operacións de capital nin novo endebedamento. Igualmente, sobre os citados conceptos de gasto fixéronse os axustes necesarios para asegurar o equilibrio orzamentario.

A capacidade ou necesidade de financiamento (CNF) se calcula nos termos previstos no artigo 15 do Real Decreto 1463/2007 para comprobar o cumprimento da estabilidade presupostaria.

Aplicanse os axustes e correccións que se indican nos documentos citados do Ministerio de Hacienda para calcular o gasto non financeiro consonte á estabilidade presupostaria.

O artigo 12 da LOEP define a regra do gasto a partires da variación do gasto computable das Corporacións locais que non superan a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española. Segundo a páxina 4 da Nota sobre as liñas fundamentais dos presupostos das entidades locais para o exercicio 2020, da Secretaría de Estado de facenda do Ministerio de Facenda, esa taxa será do 2,7 por 100 no 2019 e do 2,8 por 100 no 2020.

Ao aplicar estes límites sobre o gasto non financeiro do exercicio anterior e sen os axustes que de seguido comentamos, temos o gasto non financeiro máximo sen axustes.

No exercicio 2020, e logo de ter en conta o límite referido e os axustes sinalados nos documentos devandito do Ministerio de Hacienda, calculamos o gasto non financeiro axustado segundo a regra do gasto (vide o anexo correspondente).

Pola súa banda, o artigo 30 da LOEP establece que as Corporacións locais aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo da estabilidade presupostaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación dos recursos dos seus orzamentos. O seu cálculo esixe tomar o menor que resulta do cumprimento da estabilidade e regra do gasto cos axustes xa comentados.

No caso de que o límite máximo de gasto non financeiro fora superior ao previsto no inicio, habería que incrementar o gasto por operacións de capital para axustar ao mesmo, como se pode comprobar na rúbrica denominada gastos de capital axustados ao límite do gasto non financeiro.

O artigo 165.4 do TRLHL dispón que os presupostos locais terán de se aprobar sen déficit

inicial. A variación dos gastos de capital e o importe do gasto en activos financeiros comentados anteriormente fan posible obter o equilibrio presupuestario no 2020.

O artigo 4 do RPEL establece que as entidades locais, os seus organismos autónomos e os entes públicos dependentes daquelas, aprobarán, executarán e liquidarán os seus presupostos consolidados axustándose ao principio da estabilidade. Porén a citada nota informativa do Ministerio, na súa páxina 3, precisa que as liñas fundamentais da entidade local terán de se elaborar a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector Corporacións locais da Contabilidade Nacional dentro da entidade local. A tal fin faise a consolidación dos importes desta Deputación cos relativos ao Consorcio provincial contra o lume de A Coruña e a Fundación da Axencia provincial da enerxía (Faepac), xa que esta pasa a depender desta Deputación, segundo a reclasificación do 28 de decembro do 2018 da Intervención xeral do Estado. No anexo figuran os datos da Deputación, do Consorcio e da Faepac e o consolidado que resulta de agregar todos os entes.

LIMITE DO GASTO NON FINANCIERO (CONSOLIDADO)

No exercicio do 2020 haberá un gasto non financeiro máximo (GNF) e total como sigue:

Exercicio	2020
GNF	164.585.120,97
Gasto total	197.397.806,13

OBXETIVOS DA DEBEDA PÚBLICA PROVINCIAL

Consonte ao disposto na disposición final trixésima primeira dos PGE'13 e o artigo 53 do TRLHL, o límite de endebedamento das entidades locais ven determinado pola regra de que o capital vivo das operacións de crédito pendentes no poderá ser superior ao 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados.

Como se pode comprobar o obxectivo será débeda cero para o 2020:

Exercicio	2020
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión inicial	0,00
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión	0,00

axustada	
Amortización anticipada	0,00
Débeda total	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados	0,00

Evidenciándose na táboa anterior que se esta a cumprir o obxectivo de nulo endebedamento.

Este límite de gasto non debe entenderse que esta a condicionar os traballos de elaboración do orzamento provincial para o exercicio 2020, xa que este partirá do importe previsto dos ingresos procedentes do Estado, segundo a comunicación a recibir no seu día do Ministerio de Facenda, da proxección doutros ingresos segundo o liquidado a finais do terceiro trimestre deste ano e do contido do proxecto de lei de presupostos xerais do Estado para 2020, da relación de postos de traballo e das políticas de gasto que o goberno provincial entenda que son as máis acaídas para os obxectivos fixados. Máis haberá que ter presente no proceso de elaboración e aprobación do orzamento do 2020 se cambiou ou non a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española, xa que como dixemos determinará a porcentaxe de medre da regra de gasto.

O viceinterventor

JOSÉ
MARÍA
PÉREZ
ALVARIÑO - Fecha:
32430072A 2019.07.31
08:58:44 +02'00'

Firmado digitalmente por JOSÉ MARÍA PÉREZ ALVARIÑO - 32430072A



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
PRESIDENCIA

RESOLUCION POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2020

Don Xosé Regueira Varela, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

I. ANTECEDENTES

As Corporacións locais están suxeitas ao establecido na LOEP segundo indica o seu artigo 2.1. Engadindo no artigo 4.2 que se entenderá por sostenibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites do déficit e débeda pública. Na súa redacción actual, o artigo 13 da Orde HAP/2082/2014 regula o contido das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio seguinte deste xeito:

“Con carácter anual remitirase a seguinte información:

(...)

3. Antes do 15 de setembro as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea e polo menos a seguinte información:

a) Definición das principais políticas que inspiran o orzamento con indicación das medidas de ingresos e gastos nas que se basean.

b) Saldos orzamentarios e explicación da súa adecuación ao obxectivo de estabilidade fixado. Toda a información complementaria que permita relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade e necesidade de financiamento calculada conforme a normas do sistema europeo de contas.

c) Información sobre os ingresos previstos no proxecto de orzamentos, tanto no relativo aos recursos do sistema de financiamento suxeitos a entregas a conta e posterior liquidación como ao resto de ingresos nas súas principais rúbricas.

d) Información sobre as dotacións de gastos contidas no proxecto de orzamento e as súas evolucións respecto ao exercicio precedente.

e) Modificacións significativas nos criterios orzamentarios que permitan unha comparativa homoxénea co exercicio precedente.

f) Información sobre as diferenzas existentes nos obxectivos e previsións, así como nas medidas ou resto de variables consideradas para a elaboración das liñas fundamentais dos Orzamentos do exercicio seguinte, en relación ás utilizadas para a elaboración do marco orzamentario establecido no artigo 6. No caso de producirse tales diferenzas, debe procederse á remisión da información actualizada relativa ao devandito marco orzamentario.”

II.- LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS DO EXERCICIO 2020

Para dar cumprimento a estas obrigas legais fixéronse as liñas fundamentais dos orzamentos desta Deputación, do Consorcio provincial da loita contra o lume, da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña e o consolidado de todos eles para o exercicio 2020. Para a súa elaboración pola intervención provincial tense seguido a metodoloxía e os supostos descritos no informe dese servizo ao que se remite para maior detalle.

III.- LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO (CONSOLIDADO)

No exercicio do 2020 haberá un gasto non financeiro máximo (GNF) e total como sigue:

Exercicio	2020
GNF	164.585.120,97
Gasto total	197.397.806,13

IV.- OBXECTIVOS DA DÉBEDA PÚBLICA PROVINCIAL

Consonte ao disposto na disposición final trixésima primeira dos PGE'13 e o artigo 53 do TRLHL, o límite de endebedamento das entidades locais ven determinado pola regra de que o capital vivo das operacións de crédito pendentes non poderá ser superior ao 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados.

Como se pode comprobar o obxectivo será débeda cero para o 2020:

Exercicio	2020
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión inicial	0,00
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión axustada	0,00
Amortización anticipada	0,00
Débeda total	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados	0,00

Evidenciándose na táboa anterior que se esta a cumprir o obxectivo de nulo endebedamento.

Visto o informe emitido e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar o límite consolidado do gasto non financeiro e total para o exercicio 2020

Exercicio	2020
GNF	164.585.120,97
Gasto total	197.397.806,13

Segundo: Fixar os obxectivos da débeda provincia que seguen

Exercicio	2020
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión inicial	0,00
Débeda coas e. financeiras ao final do ano s/previsión axustada	0,00
Amortización anticipada	0,00
Débeda total	0,00
% Débeda financeira/ingresos correntes liquidados	0,00

Terceiro: Dar conta desta Resolución á Comisión informativa de economía, facenda, contas, persoal e réxime interior e ao Pleno provincial na vindeira sesión que celebre.

Cuarto: Este límite de gasto non debe entenderse que esta a condicionar os traballos de elaboración do orzamento provincial para o exercicio 2020, xa que este partirá do importe previsto dos ingresos procedentes do Estado, segundo a comunicación a recibir no seu día do Ministerio de Facenda, da proxección doutros ingresos segundo o liquidado a finais do terceiro trimestre deste ano e do contido do proxecto de lei de presupostos xerais do Estado para 2020, da relación de postos de traballo e das políticas de gasto que o goberno provincial entenda que son as máis acaídas para os obxectivos fixados. Máis haberá que ter presente no proceso de elaboración e aprobación do orzamento do 2020 se cambiou ou non a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto a medio prazo da economía española, xa que determinará a porcentaxe de medre da regra de gasto.



COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Sesión ordinaria do 05/09/2019.

Preside: Antonio Leira Piñeiro

Deputados/as

Asistentes:

Alberto Lema Suárez	Marea Atlántica
Ángel García Seoane	Alternativa dos veciños
Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Dalia García Couso	PP
Germán Castrillón Permuy	PP
José Muiño Domínguez	PP
María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Martina Aneiros Barros	PP
Roberto Rodríguez Martínez	PP
Sandra González Castro	PSOE
Xosé Luis Penas Corral	BNG

Presentes:

Ana María Fernández Rodríguez (Viceteseoureira)
José Manuel Pardellas (Interventor Xeral)

Secretaría: María Amparo Cristina Taboada Gil

Examinado o expediente do asunto que se indica a continuación:

Dar conta da Resolución da Presidencia número 26864 do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

O Presidente da conta da Resolución da Presidencia número 26864, do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

O presidente/a: Antonio Leira Piñeiro (asinado dixitalmente)

O secretario/a: María Amparo Cristina Taboada Gil (asinado dixitalmente)



JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 13 de setembro de 2019, tomou coñecemento do seguinte:

40. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 26864 do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

O Pleno toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 26864, do 07/08/2019 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2020.

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

O secretario: José Luis Almu Supervía (asinado dixitalmente)

O presidente: Valentín González Formoso (asinado dixitalmente)